

## Isidro de la Cal despide cinco traballadores por secundaren a folga xeral



[1]

Delegados da CIG-Servizos da Coruña concentráronse o 27 de abril diante das instalacións de Isidro de la Cal no polígono industrial do Espírito Santo para reclamar a readmisión de cinco traballadores despedidos como represalia pola súa participación na folga xeral do 29 de marzo.

27/4/12.

A pesar de que a empresa alega razóns económicas para xustificar os despedimentos, esta medida produciuse xusto despois da asemblea organizada polo xefe de produción –ao día seguinte da folga-, na que ameazou con que se ían producir despedimentos.

Porén, estes despedimentos en ningún caso poden xustificarse por razóns produtivas ou económicas, xa que a empresa, que se dedica á transformación de peixe, continúa a contratar novo persoal a través de ETT's.

### Ligazóns:

[1] <http://www.cigservizos.org/node>